

## Concello de Ames

### Anuncio

#### **Dotación de medios en favor dos grupos políticos da Corporación Municipal 2019-2023**

En sesión plenaria de Organización desta Corporación de 2 de xullo de 2019, foron adoptados acordos de dotación de medios materiais e persoais a favor dos grupos políticos municipais.

Concretamente foron adoptados os seguintes acordos:

1º Asignar aos grupos municipais da oposición, Popular e Mixto, un local nas inmediacións da casa consistorial que disporá de mobiliario, ordenador, fotocopiadora, liña telefónica e conexión a Internet.

2º Asignar a cada grupo municipal unha achega económica que constará de dúas variables, unha fixa de 100 euros mensuais e outra variable de 100 euros por cada membro, tamén mensual.

3º Asignar aos grupos municipais da oposición, Popular e Mixto, o seguinte persoal eventual de confianza, categoría profesional de auxiliar administrativo/a.

- Grupo municipal popular: 1 auxiliar administrativo a xornada completa cunha retribución bruta anual de 20.473,28 euros. As retribucións experimentarán a mesmas modificacións que as do resto do persoal municipal.
- Grupo Mixto: 2 auxiliares administrativos ao 49% da xornada completa cunha retribución bruta anual cada un deles de 10.031,9 euros. As retribucións experimentarán as mesmas modificacións que as do resto do persoal municipal.

Dito persoal será proposto por cada grupo.

Os acordos que anteceden, no referente ao persoal eventual, faranse efectivos no momento no que se diten os decretos de nomeamento do dito persoal eventual. Nos restantes acordos os mesmos serán efectivos o antes posible.

O que se fai público en cumprimento do establecido na vixente lexislación.

Ames, 3 de xullo de 2019

O alcalde

José M. Miñones Conde